


Outamira



CONCELLO DE BRION

OUTUBRO-87

ANO III

Nº 8

- **A AUGA:**
Un problema permanente
- **O VERAN DOS NENOS E DOS VELLÓS**
- **FESTAS PARROQUIAIS:**
¿un derroche...?
- **SANTA MINIA:**
Historia e tradición

MARCELINO
LEMA
LOBATO
LEMA



ASERRADERO
ASTILLADORAS
MADERAS

Fábrica y Oficinas:
Telf. (981) 883034 - Part. 590191
BASTAVALES - SANTIAGO
(Coruña - España)

Director:

Juan Ramón Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso
Afrodicio J. Montero Vieites
Xosé Freire Caamaño
Xacobe Pérez Paz
Luciano Pena Andrade
Xosé Caramés Vázquez

SUMARIO

Editorial	2
Entrevista	3-4
Actualidade:	
As festas parroquiais	5
Dossier:	
Os problemas da auga ...	6-7
Divulgación: Santa Minia .	8
Noticieiro	9 a 12
Pazo de Guldrís	13
Pasatempos	14

EDITORIAL

O Temporal en Galicia

Veu sen nome coma unha man negra.

Cando ALTAMIRA ía camiño da imprenta, chegou devastador o temporal do 15 de outubro.

Siquera, o de hai tres anos, cando chegou a Galicia, viña bautizado desde as costas do Caribe: daquela había un nome, coma un chivo expiatorio, a quen botarlle as culpas, "O HORTENSIA"... Desta vez, nin eso. Sen embargo, seguramente causou máis dano.

Mais, se os poderes públicos lle van prestar tanta atención como ó Hortensia, pouco podemos agardar.

Ca borrasca de hai tres anos, o noso Concello fixera unha avaliación pormiudada, aldea por aldea e familia por familia, dos danos causados; entre estrozos en edificacións (só hórreos antigos quedaron 20 derrubados), ubeiras, millo, froitais, arborado, conxeladores e alumado público, o paso do Hortensia deixara 132.000.000 de pesetas en verbas no Municipio de Brión. O estudio enviáraselle con toda sorte de detalles ós distintos organismos, Goberno Civil, Xunta de Galicia e Deputación; o Concello celebrara sesión extraordinaria para solicita-la declaración de zona catastrófica da nosa comarca. Todo iso non servira para nada: nin siquera se dignaron acusar recibo dos escritos.

Desta vez, parece que as cousas irán mellor. Alomenos, témo-las declaracións do novo Presidente da Xunta de Galicia de que non vai

quedar ningunha necesidade sen atender e o Goberno Galego está facendo acto de presenza nas zonas máis afectadas.

O Concello de Brión, como hai tres anos, está facendo un estudio detallado dos danos e, xa na primeira visita, se observa que son enormes, maiores que os producidos polo Hortensia: houbo animais mortos, casas e alpendres destellados, vivendas inundadas, un número elevadísimo de uveiras derrubadas, agras enteiras de millo totalmente perdidas, invernadoiros esnaquizados, miles de froitais e arborado arrincado, etc. Son incalculables os estrozos causados nas vías de comunicación.

Frente á boa impresión que produciron en xeral os servicios de protección civil, causou indignación a incalificable falta de previsión de Fenosa ó non te-las comportas da represa do Tambre listas para franquear no momento preciso. Non queremos imaxina-la traxedia que produciría o derrubamento da represa.

Entre nós, para os primeiros auxilios, por esta vez bastámonos coa solidariedade dos veciños que nunca falla e nunca é suficientemente valorada; a brigada municipal tamén traballou arreo, sobre de todo para mante-las pistas franqueadas ó tránsito. Pero para recompoñer tantos estrozos como o temporal deixou nas facendas particulares e nos servicios públicos é indispensable que os poderes públicos nos boten unha man. Se isto non merece a declaración de zona catastrófica, que veña Deus e o vexa.



M.ª LUISA LOPEZ LOPEZ Secretaria de Brión e ex-Directora Xeral de Consumo

Fixémoslle esta entrevista á nosa Secretaria nos primeiros días de agosto pasado, cando acababa de ser nomeada Directora Xeral de Consumo da Xunta de Galicia e aínda non tomara posesión do seu cargo. Sabemos do seu fructífero labor durante estes dous meses ó fronte da Dirección Xeral e do singular exemplo de laboriosidade e calor humano que lle soubo imprimir ó seu paso por San Caetano.

Unha fidelidade, da que moito terían que aprender os nosos políticos, devolvéunola a Brión, incluso rechazando ofertas máis sustanciosas do novo goberno autonómico que saíu da pasada moción de censura.

D.ª María Luisa López López é natural de Sober (Lugo), por terras dos xenerosos viños de Amandi. Fixo a licenciatura de Dereito na Universidade de Santiago e en 1964 gañou a oposición de Secretaria de Administración Local de primeira categoría, sendo a primeira muller en España que accedía a este rango. É ademais mestra

nacional e graduada social, fixo os cursos de doutorado e de perfeccionamento no Instituto de Administración Local. Antes de chegar a Brión, hai dezaseis anos, pasou pola secretarías dos concellos de Redondela e Padrón.

É membro do Patronato Rosalía de Castro, foi membro das xuntas directivas das Asociacións de Pais da Compañía de María e do Colexio Peleteiro, de Santiago, e aínda saca tempo para colaborar en distintas actividades na parroquia de Santa Susana.

—Dona M.ª Luisa, despois de dezaseis anos de desempeña-lo cargo de Secretaria do noso Concello, ¿qué é o que máis sente ter que deixar para ocupa-lo seu novo cargo na administración da Xunta de Galicia?

—O contacto directo e moi persoal co administrado, que só é posible nun concello rural.

—Fálenos de como é que elixiu este destino de Secretaria de Brión.

—Razóns familiares impulsáronme

a achegarme a Santiago.

—Segundo teño entendido, vostede é Secretaria de primeira. Sen embargo, desempeña a Secretaría de Brión, que é de categoría inferior. ¿A qué se debe isto?

—Cando concursei a esta praza, Brión estaba clasificado como Concello de primeira categoría.

“O máis destacable desde o cambio político é o fecundísimo traballo realizado”

—A súa longa historia profesional aquí en Brión fixoa testigo de tódolos cambios trascendentais acontecidos nos últimos tempos no noso país: desaparición do pasado réxime, chegada da democracia, primeiras eleccións municipais, etc. Fálenos da transición política no noso Concello desde o seu punto de vista, é dicir: ¿supuxo algún cambio importante nas relacións entre administración e administrados, realizouse con naturalidade ou houbo crispacións nalgún momento, qué aspectos máis importantes se aprecian neste novo réxime a nivel local?

—Todo cambio leva consigo desaxustes, mais en Brión non houbo problemas especiais. O máis destacable desde o cambio político é o fecundísimo traballo realizado.

—Como profesional é vostede unha persoa que ama o seu traballo e ademais loita por unha maior consideración para tódolos funcionarios da administración local, que ó parecer están sendo marginados pola Xunta de Galicia. ¿Que é o que a fai pensar así?

—A imposibilidade de acceso deste funcionarios a determinados concursos convocados pola Comunidade Autónoma. Este problema está, afortunadamente en vías de solución.

—Ó longo de tantos anos no exercicio dunha profesión existen algúns momentos que recordamos con especial satisfacción. Cóntenos algún.

—Houbo moitos: cando se resolvía algún problema administrativo, cando os plenos municipais se celebraban con fluidez...

—Pola contra, tampouco faltan días amargos. ¿Cál é o peor momento que recorda da súa vida profesional en xeral e en Brión en particular?

—Tódolos momentos malos relaciónanse con actitudes de algúns grupos de veciños, máis políticas ou emocionais que reflexivas, como ocorreu, por

exemplo, co abastecemento de augas a Pedrouzos.

—Non cabe dúbida de que polas mans dun Secretario pasan os asuntos máis importantes do Municipio. Ás veces fábase do gran poder que teñen os Secretarios. ¿En qué medida isto é posible e corresponde á realidade e en qué medida tamén pode ser falso ou produto dunha mala interpretación da xente do exercicio dunhas funcións?

—Isto é un tópico na actualidade. A misión dun Secretario é de colaboración coa Corporación, sexa do signo que sexa.

“Recordo con especial satisfacción cando os Plenos se celebran con fluidez...”

—¿Qué cre que lle aportou vostede co seu traballo de tantos anos ó municipio de Brión?

—Non son eu a persoa indicada para respostar a esta pregunta.

—¿Considera que a xente en xeral e as diferentes corporacións en particular aprecian e valoran todo o esforzo que se fai para facer funcionar ben unha administración local?

—En xeral, si que se valora este esforzo, mais sempre hai persoas descontentas, coma calquera actividade.

—Desde que iniciou a súa carreira profesional ata estes momentos, as administracións locais variaron moito. ¿Qué cambios importantes salientaría?

—O cambio máis significativo foi o paso dado cara á autonomía municipal.

—¿Qué aspectos ou qué necesidades cre vostede que aínda non están ben atendidas polas administracións locais?

—Mentes que os concellos non dispoñan de recursos suficientes, non poderán atender as novas inxerencias (coma no campo da cultura, por exemplo) e nin sequera poderán cubrir axeitadamente os servizos mínimos.

—¿En qué nivel comparativo colocaría o servizo das nosas administracións locais respecto do resto de Europa?

—En xeral, creo que é moi bo.

—Á nova Lei de Réxime Local recén estreada, ¿qué aspectos positivos e qué negativos lle encontra?

—Positivo, que é unha lexislación máis axeitada á realidade que vivimos. Pero un estudo máis amplo da Lei, que

non é agora o caso, descobre moitos fallos e moitos puntos mellorables.

—¿Cáles son as funcións que vai desempeñar no seu novo cargo?

—Tódalas relacionadas coa defensa do consumidor.

—¿Cáles cre que poideron se-los motivos para a súa elección como Directora Xeral de Consumo?

—Esta pregunta habería que facérllela ás persoas que me nomearon. Aínda que quizais para o meu nomeamento se tivera en conta esa relación co administrado propia dun Secretario de Concello, que aquí se vai converter nunha relación co consumidor.

—¿Cál é a situación de Galicia respecto das outras comunidades do Estado na área do traballo que vostede terá que desenvolver?

—Máis ou menos semellante; quizais en Cataluña nos leven avantaxe, que trataremos de anular de contado.

—En xeral, o funcionamento da Xunta ven recibindo fortes críticas por parte de moitos sectores, pola súa inoperancia, descontrol, falta de planificación, etc. ¿Cre que co seu traballo vai poder axudar a mellorar un pouco esa negativa imaxe?

—Escoite, paréceme arriscada esa valoración que vostede fai e que eu aínda non puden comprobar. Se isto fora así, eu non son tan xenial para mudar nada desde a miña pequena parcela. O que si hei facer é traballar.

“... en Brión non houbo problemas especiais...”

—¿Ten xa nestes momentos algunha idea para desenvolver cando tome posesión do seu novo cargo e que nos poida avanzar?

—Xa teño algunhas ideas de carácter global sobre campañas informativas, preferentemente no mundo rural, sobre colaboración cos concellos, etc., pero quizais sexa pronto para falar delas.

—Tódolos meses, cando se publican as variacións do índice de prezos ó consumo, Galicia reflexa sempre os extremos máis negativos; é dicir, a inflación sobe sempre por enriba da media nacional, o gasto en alimentación é porcentualmente maior que no resto do Estado e as condicións hixiénico-sanitarias das máis deficientes. Con este panorama, o seu labor vai ser realmente arduo. ¿A qué cre que obedecen uns resultados tan deficientes?

—Galicia carece desde séculos dunha infraestrutura axeitada, neste e noutros aspectos. A solución non depende soamente da Administración Autónoma, senón tamén da Central e de cada persoa individual.

—Sabemos que pertence ó Patronato Rosalía de Castro. ¿Cál é o cometido desta organización?

—Fundamentalmente cuida-la casa de Padrón e o mausoleo de Santo Domingo e estimula-la difusión da obra de Rosalía e da súa personalidade extraordinaria.

—Cóntenos a qué se debe a súa afiliación a esta agrupación e desde cando pertence a ela?

—Son membro do Patronato desde 1970, data na que fun invitada polo seu presidente para incorporarme á súa Xunta de Goberno.

—Parece que o deporte é unha das súas aficións preferidas, chegando a colaborar na edición dunha revista de gran calidade. Cóntenos un pouco as súas vicisitudes neste terreo.

—O deporte interésame a traveso dos meus fillos. A revista foi unha actividade de meu marido, na que non participei directamente.

“... Fun a primeira muller que accedín ó Corpo de Secretarios de Administración Local...”

—Nalgún tempo foi a única muller que ostentaba o cargo de Secretaria de Administración Local. ¿En que ocasión se produciu esta situación?

—Sí, fun a primeira muller que accedín ó Corpo de Secretarios de Administración Local, en 1964. Durante uns sete anos seguín sendo a única en primeira categoría.

—A parte da súa entrega profesional, vostede é unha preocupada nai que está criando cinco fillos. Fálenos desa faceta.

—É un mundo no que me atopo moi centrada. Son moi feliz adicándolle atención ós meus fillos.

—¿Cre que unha intensa entrega profesional perxudica dalgún xeito a faceta familiar, ou polo contrario, coida que é posible a compatibilidade.

—A min foime posible a compatibilidade.

—Moitas grazas polas túas respostas.

—A vostedes.

AS FESTAS PARROQUIAIS:

un derroche con pouco contido cultural

¿A onde vas?" "!!!Vou pra festa!!! "¿De onde vés?" "Veeñooodaaa-feestaaa". O dito popular expresa graficamente a resaca que deixa un día ou unha noite de troula. Pasou o verán e quedáanos a resaca das festas de todo o ano.

Nestas liñas queremos facer un pequeno balance das festas que celebran as distintas parroquias do noso Concello. Os cadros que van a continuación recollen en números as festas que se celebraron durante este ano parroquia por parroquia (só as que ofreceron verbenas) e mai-lo que aproximadamente se gastou nelas.


Non tivemos en conta as festas de Santa Minia por non seren estrictamente parroquiais e teren unhas características específicas.

Xa é visto que unha festa non se pode medir polos cartos que custa. ¿Quén pode contabiliza-la ilusión dun pícaro correndo detrás da cana dun foguete, ou a satisfacción dun xantar bagaroso de toda a familia reunida nunha tarde festiva? Mais, cremos que estes números deben de dar que cavilar.

Primeiramente, parécenos escandalosa a porcentaxe (69%) dos presupostos que arrapañan as orquestas;

4.667.000 pesetas repartidas en 31 días de festa saen a máis de 150.000 por día. Siquera ofreceran música de calidade, pero con frecuencia ésta non se corresponde co precio que cobran.

Pola contra, chama a atención o pouco que se pagou a grupos de gaitas, que acudiron a sete festas, e eso que a gaita é un dos elementos que definen a



nosa cultura. Pouco tamén se gastou nas populares bandas de música, que tamén actuaron soamente en sete festas. Tan escandaloso como o exceso das orquestas é o pouco que se gasta no que non é propiamente verbenas: a porcentaxe do seis por cento que aparece en "outros" corresponde a

actividades complementarias dunha boa xornada festiva: xogos infantís, carreiras populares, competicións deportivas, sesións de títeres e teatro, sardiñadas, etc.

Á vista destes datos, as nosas festas semellan un monstro cunha cabeza enorme nun corpo raquíptico. Non é que se gaste demasiado diñeiro en festas (ó fin e ó cabo non nos toca nin a mil pesetas por veciño), o malo é que todo se vai en orquestas e conxuntos. Se se quere, ata nos parecen poucas as festas que se fan: sabemos que pouco a pouco en tódalas parroquias se foron deixando de celebrar moitas que gozaban de tradición por culpa dos presupostos.

É de xusticia recoñecer-lo esforzo desinteresado e ás veces pouco agradecido das comisións parroquiais das festas, pero con frecuencia fálalles imaxinación para elabora-los programas festivos: terían que converterse en algo así como animadores de tempo libre, e alomenos, facer unhas festas máis participativas e con máis variedade de actividades para nenos, vellos e mozos.

Algo haberá que facer, pois se se fora a medi-la nosa cultura polas festas que facemos, o nivel non saíria certamente moi alto.

Parroquia	Advocación	Data	Presuposto	Total Parroquia
Os Anxeles	San Brais	3 febreiro	100.000	2.155.000
	San Cidre	15 maio	150.000	
	Corpus	18 xuño	325.000	
	Patronais	15-19 agosto	880.000	
	San Antonio	12 xullo	125.000	
	San Ramón	30-31 agosto	575.000	
Bastavales	San Xulián	7 xaneiro	110.000	1.350.000
	Corpus	21 xuño	235.000	
	Nº Srª do Carme	16 xullo	265.000	
	Santo Arandel	30 agosto	340.000	
	Nº Srª dos Milagres	12-13 setembro	400.000	
San Salvador	Patronais	6-7 agosto	325.000	325.000
Brión	San Xosé	19 marzo	200.000	930.000
	Nº Srª de Luján	24 abril	100.000	
	Patronais	1-3 agosto	630.000	
Luaña	Patronais	7-8 xaneiro	40.000	835.000
	Nº Srª do Carme	19 xullo	450.000	
	San Xulián	11 agosto	345.000	
Cornanda	Sacramento	21 xunio	250.000	420.000
	Nº Srª do Rosario	30 agosto	170.000	
Viceso	Nº Srª do Rosario	12 setembro	275.000	275.000
Ons	Santa Rita	22 maio	250.000	520.000
	Santa Eufemia	16 setembro	270.000	
TOTAL			6.810.000	

A AUGA: un problema permanente, cando por falta, cando por exceso



A auga é un elemento que nos envolve constantemente, dende a humidade do ar ata a persistente choiva que alimenta fontes, regueiros e numerosos ríos; témola presente en tódolos recunchos: no lodo do chan, nas pozas dos camiños, nas gabias das estradas, nos herbais das brañas... Nembargantes, nas nosas casas, para os usos domésticos, é onde, lamentablemente, máis escasea.

Vimos de soportar neste Verán unha canícula especialmente longa e rigurosa para o que estamos acostumados en Galicia. E xa se sabe que aquí, como as nubes non estean deitando cada pouco, de contado argüémo-las mans ó ceo pedindo a chuvia: as colleitas tollen, os montes arden e as fontes pasman.

Por fin, as chuvias viñeron abondosas, tanto que a penas nos deixaron tempo para celebrarmos con xolda a romería de Santa Minia.

ALTAMIRA non quere deixar pasa-la ocasión sen facer unha reflexión de vagar sobre o tema da auga no noso Municipio.

Brión das mil fontes

Se Galicia é unha terra de ríos, o noso Concello é un bo contribuínte ós mesmos.

O territorio municipal está demarcado por dous grandes ríos: polo norte e Oeste, o Tambre, desde o Espadanal de Ons ata os términos de Cornanda, máis alá das terras de Vilariño dos Cunqueiros; polo Leste, o Sar, que entra polos Anxeles asulagando a veiga

do Outeiro e O Rial, pasa lizgairo San Salvador e enfla por entremedias dos fondais de Bastavales camiño do mar.

Na cunca do Tambre, que ó longo do seu recorrido por Brión forma a represa Barrié de la Maza, verten as súas augas o Chavielos, o Vioxo, o de Ombre, o da Graña e o das Vaqueirizas.

O Sar recolle augas do Pego, Sanín, Cirro, Crego e Tinto.

Cada ún destes ríos e regueiros van collendo augas de infinidade de fontes que, como consecuencia dun clima especialmente chuvioso, agroman cada pouco. A nosa comarca é unha das máis chuviosas de Galicia (anda polos 1.600 mm.).

Os usos da auga

Nos tempos pasados, os homes do campo foron desenvolvendo unha verdadeira cultura en torno á auga, tanto para guiala no seu proveito, como para evitar que o exceso os prexudicase.

A auga fixo moer infinidade de muiños, hoxe verdadeiras obras de arte comestas polas silvas e o esquecemento. Cada muiño requería unhas

especiais técnicas dependendo das condicións naturais do seu emprazamento; coñecemos un orixinal muiño en Ons, hoxe asulagado pola represa do Tambre, no que a falta de desnivel para que a auga batera con forza para move-lo rodicio foi suplida por un inxeñoso sistema "de turbina".

A auga foi a enerxía que movía os batáns, dos que aínda quedan restos en Viceso. Desde os anos vinte do noso século non faltaron aldeas, en procura dos adiantos da modernidade, que aproveitaron pequenas fervenzas para produciren electricidade: quedan os restos dunha en Ons e doutra — demontada en 1980— na Rubial.

Cada necesidade deu pé a unha solución, e así foron aparecendo as pesqueiras, os lavadoiros, as fontes, as madres, as pontes, as pontellas, etc. Infinidade de solucións tivo a condución das augas de rega e mai-lo seu reparto.

A abundancia de auga, tanto para rega coma para consumo doméstico, foi un dos elementos decisivos do espallamento da poboación no noso país: en calquera sitio que levantes un terrón, aparece unha fonte; alí podes pranta-la túa casa e a túa facenda.

A auga é causa de unión entre o vecindario para repartila ou aproveitala comunitariamente, para os traballos de reparacións dos danos que ésta causa nos camiños ou nos eidos. Pero tamén foi tradicionalmente un dos motivos principais de desavinzas e liortas. ¡Cánto pan levan dado os pleitos de augas a avogados, procuradores e xuíces! Inda hoxe dicir que unha auga foi pleiteada, é tanto como dicir que está asañada. Empenchas que duraron varias xeracións naceron por cuestións de augas.

Os problemas do uso da auga

A auga entre nós é abundante, pero, inda a pesares do que levamos dito, é tradicional o mal uso que dela se está a facer, debido fundamentalmente ó exacerbado sentido da propiedade privada: cando a alguén lle nace unha fonte no seu agro ou é titular dun dereito sobre unhas augas, se cadra, prefere que ésta se perda polo río abaixo antes de que alguén a aproveite.

Os sistemas tradicionais de aproveitamento da auga foron mudando. Os vellos muiños pararon de moer, os

lavadoiros públicos cada vez escoitan menos os rebouxos das comadres, os bebedeiros —punto obrigado de parada do gando de volta do pasto— están cubertos pola lama e a xente foi descubrindo a pouca rentabilidade de tantas noites ó sereo para arrapafiarlle ó veciño unhas horas de rega.

Por outra banda, coa instalación da auga corrente nas casas aumentou considerablemente o consumo doméstico: segundo recollen os estudos oficiais, nos comezos deste século considerábase que unha poboación estaba ben abastecida se dispoñía de 20 litros de auga por persoa e día; hoxe considérase que cada persoa necesita 388 litros diarios (para consumo doméstico e industria). O abastecemento realízase na maior parte dos casos por medio de traídas comunitarias (no noso Concello hai rexistradas unhas 120).

Pero, fronte á abundancia existente aínda quedan veciños no noso Concello sen auga corrente, aldeas sen traída e poucos son os lugares que non teñen problemas de suministro nos meses de seca.

As solucións

Nin nós somos técnicos no tema, nin nos parece que as solucións sexan fáciles. Mais será ben tirar unhas conclusións do que levamos dito:

1. En primeiro lugar, conséntase que o problema entre nós non é de falla de auga, senón do se mal aproveitamento. Quizais habería que facer cas augas o que se fixo cas terras: unha especie de "concentración parcelaria das augas"; é dicir, en cada parroquia ou en cada zona, despois de facer un inventario das augas dispoñibles, realizar un proxecto de abastecemento global, evaluando custos e resultados e establecendo unha xerarquía de necesidades (loxicamente, as necesidades primordiais serán as domésticas). Non se trataría, xa que logo, de facer só unha traída de augas ou un plan de regadíos; o tratamento terá que ser global.

Xa é visto que isto ten que partir dos poderes públicos: eles son os que han de planificar e, sobre de todo, destinar fondos. Mais de pouco valería a iniciativa pública se os interesados, os propietarios de terreos e os que vivimos no campo non mudamos de mentalidade. Primeiramente temos que meter na cabeza a idea de que a auga é unha riqueza, que hai que explotala axeitadamente e sacarlle rendimento. E non importa quen a aproveite: se ti non o fas, que o fagan os outros.

Non podemos tampouco perde-los

costumes que herdamos dos nosos vellos: eles, a onde non chegaban cos esforzos individuais, souberon suplilo co espírito comunitario. A vida nas aldeas segue necesitando do esforzo común, e neste tema máis que en ningún outro.

2. Outro tema que hai que empezar a ter en conta nos núcleos rurais é o das augas residuais. Antes, cando o consumo doméstico era mínimo, o problema non existía. Logo viñeron as traídas de augas e as cortes modernas e foise paliando con pozos negros individuais. No noso Concello, a chaque da pavimentación das aldeas, fóronse instalando rudimentarias redes de sumidoiros e as augas suxas son absorbidas polo terreo ou saen libremente ós regueiros.

Xa é visto que a contaminación que producimos nas aldeas, onde por mala fada carecemos de industrias, non ten punto de comparanza cá das cidades. Mais é tema a ter en conta no futuro. A solución terá que vir, ben de



pequenas depuradoras, ben de foxos sépticos colectivos no fondo das aldeas.

3. Ata o de agora non tocámo-lo tema das augas medicinais, das que son un bo exemplo entre nós as do Tremo. Todos sabémo-la importancia económica que tivo o Balneario dos Anxeles para a zona e incluso que a nombrada da Amaia por Galicia adiante era en grande parte debida á súa salutarifera daquelas augas. Hoxe, cando o termalismo comeza a recupera-lo seu antigo prestixio, parece un pecado mante-las instalacións convertidas en pardiñeiro. Quizais o despegue turístico da nosa comarca —por outra parte con tantas posibilidades— pase polo relanzamento do Balneario do Tremo.

A nova lei de augas

O 8 de agosto de 1985 publicouse a nova Lei de Augas para substituí-la vella que viña rexendo desde había 106 anos, e o 30 de abril de 1986 publicouse o Regulamento do Dominio Público

Hidrolóxico.

A novidade desta Lei está máis nas intencións que nos resultados. Nefeuto, comeza no artigo 2º declarando de dominio público estatal tódalas augas.


¿Fixo a Lei a nacionalización das augas? Non exactamente: na Lei antiga de 1879 declarábanse públicas tódalas augas vivas desde que saían da finca onde naceran (as dos ríos e regueiros) e na nova dise que tamén son públicas as augas soterrañas.

¿Logo, ún xa non pode dispoñer da auga da que era propietario? Pode, pois respéctanse tódolos dereitos adquiridos por un tempo de 75 anos e despois terán dereito preferente á concesión. O que pasa é que os que antes eran propietarios, ca nova Lei pasan a seren concesionarios. Ademais, quen abra unha mina na súa leira, pode dispoñer libremente dos primeiros 7.000 m³ ó ano e tamén do caudal restante baixo o título de concesión, sen pagar un peso.

Impónse a obriga de inscribir tódolos dereitos sobre augas no Rexistro de Augas da Confederación Hidrográfica, mais este Rexistro na práctica ven se-lo equivalente ó Rexistro da Propiedade para os bens inmobles: que teñas unha leira sen inscribir, non quere dicir que a leira non sexa túa.

Un tema que suscita entre nós moitas incertidumes é o das distancias que hai que gardar para abrir unha mina ou un pozo respecto dos xa existentes. Este tema resólveo en parte o regulamento de 1986: o seu artigo 87.7 di que "cando a extracción de auga se realice mediante apertura de pozos, as distancias mínimas entre éstos ou entre pozos e manantial serán as que sinale o Plan Hidrolóxico de Cunca (Comunidade Autónoma) e, no seu defecto, para caudais inferiores a 0,15 litros/segundo (9 litros/minuto), a de 10 metros en solo urbano, de 20 en solo non urbanizable, e de 100 metros en caso de caudais superiores".

SANTA MINIA: Historia e Tradición xunguidas nunha gran romería



*Na parroquia de Brión,
que está no Val da Amaia,
hai unha santa famosa
que se chama Santa Minia.*

Un ano máis vimos de celebra-la festividade de Santa Minia, que, como sempre, desborda as previsións feitas, tanto de espacio como de servizos que se poden facer ós miles e miles de romeiros que veñen cumprila súa promesa, querendo pagaren así os favores recibidos, ou ben para implora-los que esperan acadar pola gloriosa intercesión da Santa.

Compre aquí facer unha pequena reseña da vida de Santa Minia e de cómo chegou a Brión.

Naceu Santa Minia en Roma polo ano 347, en tempos do emperador Xuliano o apóstata; filla de pais nobres e bos cristiáns, e foi degolada á idade de trece anos.

O día 8 de xuño de 1804 foi sacada das catacumbas de Santa Inés, de Roma, polo Prefecto do Sagrario Pontificio Frai Xosé Bartolomé Menochio por Orde da S.S. o Papa Pío VII. As súas reliquias foron recoñecidas e aprobadas polas Sagradas Congregacións de Indulgencias e Sagras Reliquias para seren relatadas a D. Juan Francisco Arieta.

O sagrado corpo de Santa Minia foille entregado ó Sr. Arieta, envolto en pasta como era costume, nunha urna

selada e precintada polas autoridades eclesiásticas, así como un vaso co seu sangue, e tamén un anaco da pedra que fechaba o sepulcro e no que se pode ler "MINIA IN SOMNO PACIS". De todo isto hai unha documentación de autenticia que se garda nos arquivos do noso Arcebispado, tendo tamén copia da mesma o arquivo parroquial e outra en casa do actual ermitaño.

O día 8 de agosto de 1804 foi colocado todo no oratorio de D. Tomás Anduaga, persoa moi relevante, de Cádiz, que a tivo alí ata o ano 1847.

Ó desfacerse a casa de Anduaga por morre-lo dono, o administrador da casa, Xosé Finoquio o día 27 de agosto de 1848 e, en presenza de tres notarios de Cádiz, regalóuselle ó veciño de Brión D. Luís Tobío, empregado da casa Anduaga.

D. Luís Tobío chegou a Brión ca urna da Santa e púxose a procura-los permisos necesarios para conquero-lo culto público para Santa Minia.

O Sr. Arcebispo mándalle un oficio ó Arcipreste para que examine o estado da urna e o da "auténtica" ou patente que sempre acompañou os restos de Santa Minia.

Unha vez verificada a documentación e visto que os sete selos que fechan a urna non foran tocados e pedidos tódolos informes necesarios —incluso se estudiou a lápida do sepulcro por especialistas—, declarouse como auténtica.

No ano 1851 comezan os trámites para a construción do santuario, que se lle contrata ó mestre canteiro Manuel Novás. Ata 1900 non se lle pon o remate e a cruz da cúpula.

Así é como empeza a dárselle culto en Brión a Santa Minia, hoxe centro de pelerinaxe de devotos da Santa.

Tódolos anos, unha semana antes, os veciños de Brión e da bisbarra enteira teñen unha preocupación "climatolóxica", pois a calquera aldea que vaia, o primeiro que oes é o desexo de que non chova por Santa Minia. E un ano máis, éste, alboreou o día 27 de setembro con un sol radiante, e desde as oito da mañá é un continuo afluir de romeiros que enchian a estrada e os camiños desde Os Anxeles ata Brión.

Confúndese esta masa de xente ó redor da capela cos máis diversos ruidos e arrecendos; xa que a Santa Minia non só arrecada romeiros ás súas prantas, senón unha morea de xente das máis diversas actividades "comerciais". Uns berran a sorte do paxariño, ou máis modernamente xogan ó bingo nas tómbolas, os rapaces ó carrusel, outros saborean os churros que arrecenden que é unha maravilla, os máis pancistas ollean as caldeiras de "pulpo" e cotexan cal dos "establecementos" dá mellor calidade ou ten mellor viño; outros, co oído máis cultivado, protéstanlle ós membros da Comisión que, con tanto ruído, non se pode escoita-lo concerto da banda de música; os mozos precúpanse do conxunto de música moderna que actuará na verbena da noite; pero os que máis van e veñen mirando e curioseando, pero sempre a redor da capela onde os cereiros rogan cas velas e figuras de cera de todo tipo para ofrecerlle á santiña.

Coidamos, que por moito que se escriba, non se pode transmiti-lo que é a celebración de Santa Minia se non se está un momento entre as oito da mañá e as tres da tarde ó pé da urna da Santa.

E nada máis; a romería de Santa Minia é un pouco coma este artigo, unha desorganización... organizada. Desde a revista Altamira queremos renderlle aquí homenaxe ós romeiros que visitan o santuario, e que, por intercesión de Santa Minia, acadan os favores pedidos e poidan voltar no ano que ven.

As piscinas municipais e o campamento infantil, puntos de encontro no verán para os nosos nenos



As diversas actividades que programa o Concello no verán permite que tódolos nenos das diferentes parroquias poidan ter, con ocasión delas, uns momentos de acercamento e contacto nun ambiente de xolda xeral que posibilite nun futuro unha maior unidade e colaboración entre os veciños.

Douscentos cincuenta nenos do noso Concello participaron este verán nos quintos cursiños de natación que organiza e promove o Concello e se desenrolaron ó longo de todo o mes de Xullo nas tres piscinas de Bastavales, Os Anxeles e Brión.

O longo dos cinco anos que este Concello leva patrocinando os cursiños de natación, cerca de mil nenos do noso Concello aprenderon a nadar nos mesmos.

A Corporación municipal cre que vale a pena todo o esforzo económico que supón a organización dese tipo de actividades, maiormente, polo beneficio que lles supón ós nenos que, por seren pequenos, moitas veces son os peor tratados pola sociedade.

Estos cursiños, ademais, non solen ser baratos, pois, entre pagar profesores, vixiantes, produtos de depuración das augas das piscinas, enerxía eléctrica, etc, supera a cifra dun millón de pesetas. Non embarzantes, o que se ingresa pola entrada ás piscinas non alcanza as trescentas mil pesetas. En anos pasados a Consellería de

Cultura daba unha pequena subvención; este ano non deu nada.

Aproveitando a clausura dos cursiños, organizase unha pequena despedida a tódolos participantes, na que se inclúe unha competición entre os mellores nadadores que desperta gran interese e expectación entre tódolos participantes; desenrolábase na piscina de Bastavales xa que é a que dispón das mellores e máis amplas instalacións.

O desenrolo dos cursiños, ó igual que a organización da competición correu a cargo dos monitores contratados polo Concello: Pili Veiga, Luis Ferrer e Xoan Lojo, estes dous últimos compoñentes do equipo de Water-polo do clube universitario.

Campamento infantil

Por séptimo ano consecutivo o noso Concello convocou sesenta prazas para o Campamento infantil que tivo lugar este último ano no grupo escolar de Xuño, concello de Porto do Son na primeira quincena do mes de agosto.

Este campamento, en xeral, está pensado con criterios pedagóxicos moi abertos e, por enriba de todo, preténdese que os rapaces se divirtan, pero tamén que aprendan, que se manifesten, que participen nas decisións que se toman, que convivan... Ó longo destes últimos sete anos están recollidas moitas opinións e testemuños dos pais que manifestan a madurez que experimentaron os seus rapaces á volta do Campamento.

Como tódolos anos ó regreso á casa, é frecuente observar nas emotivas despedidas dos rapaces, o grado de satisfacción xunto co desexo de voltar outro ano máis tras pasar catorce días a cargo dos seus monitores disfrutando do medio natural e realizando múltiples actividades lúdicas e formativas.

O espléndido tempo de que gozaron os nenos durante a primeira quincena do mes de agosto en que se levou a cabo o Campamento, favoreceu o desenrolo da maioría das actividades nun ambiente de entusiasmo e camaradería.

Relaxado programa de actividades

O programa diario comezaba co almorzo, para logo, tras unha lixeira actividade, encamiñarse o resto da mañá á praia. Tra-la comida permitíase un pequeno descanso que as máis das veces, aproveitábase para xogar algún que outro partido cos xóvenes do lugar. A media tarde, voltábase a outra praia máis lonxe pero que reunía unhas mellores condicións para o disfrute na auga. Despois da cea, organizábase unha especie de festival no que se permitía tódalas suxerencias e participacións espontáneas.

Tódalas actividades deste Campamento xiraban en torno a un "Centro de Interese" único, que consistía en imitar en cada intre a vida e costumes dos indios americanos. A traveso de proxección de diapositivas, foise introducindo ós nenos na Cultura India narrando a súa historia e ensalzando a súa cultura e costumes. Finalmente motivábase ós nenos para que imitaran certos comportamentos dos indios durante todo o tempo.

Sempre en torno a ese único Centro de interese, desenrolábanse tódalas demais actividades, como a elaboración de carteis ou a confección de collares e pulseiras a base de macarróns e estrelifias.

Como complemento ás actividades realizáronse varias viaxes a pé para coñecer a zona na que se atopan lugares de gran riqueza paisaxística e ecolóxica. Lugares como os que bordean o río "Sieira" que son frecuentados por gran variedade de aves e no que ademais consérvase unha ponte romana, proporcionaron un medio idóneo para o desenrolo dunha das actividades previstas.

Nos últimos días, utilizando o autobús realizouse unha excursión para coñecer as dunas de Corrubedo, o dolmen de "Axeitos", o miradoiro do monte da Curota, e as lápidas gremiais da igrexa de Santa María de Noia.

O equipo de monitores estivo formado, polo Director do Campamento, Xosé Ramón Vieiro, profesor de "Preescolar na casa" e membro do equipo de Colonias infantís "Eira Nova"; Carmen de la Sierra, asistente social do Concello, Manola Salgueiro, profesora de E.X.B. Luciano Pena Andrade, Rosa García Noya, Laura Vidal Cuns e Isabel Cantelar Freire.

NOTICIEIRO

Portugal: obxectivo da segunda viaxe da terceira idade



Portugal é a nación veciña, a nación irmán... nembargantes para moitos é, legraciadamente, a nación descoñecida. A viaxe que fixeron os nosos vellos a este país no mes de Xullo, supuxo, para moitos, traspasa-la fronteira do noso país por primeira vez.

A finais do mes de Xullo vo lugar no noso Concello a segunda viaxe Cultural que para chamada terceira idade organizou o Concello e que contou coa participación de dúascentas persoas veciñas de Brión de idades comprendidas entre os 65 e os 87 anos.

Esta segunda viaxe cultural vo como obxectivo o noso país veciño de Portugal e totalizou escasos quilómetros entre ida e volta. Comprende a zona máis alegre deste país, non só pola paisaxe e o clima, senón tamén pola súa folclore e a súa artesanía.

Catro ómnibus contratados polo Concello foron necesarios para atender a tódalas solicitudes que se presentaron en demanda de praza para esta viaxe e que desbordou tódalas previsións iniciais.

Dadas as idades de tódolos viaxeiros, e en previsión de algunha incidente, o Concello contou coa presenza do médico municipal de Brión que lles acompañou na viaxe. A parte do noso alcalde e de un encargado municipal, que estaba ó fronte de cada un dos catro ómnibus, acompañou a esta viaxe da terceira idade o cura de Bastavaia.

As mostras de satisfacción expresadas a final da viaxe,

expresa o acerto na programación destas viaxes, así como evidencian a marxinación da que soe ser vítima no reparto dos presupostos este sector da poboación, por unha errónea concepción na falta de interés

por coñecer cousas novas que lles poñemos ás persoas da terceira idade.

Programa da viaxe

A saída que comenzou as sete da mañán coa recollida

polas distintas aldeas de tódolos viaxeiros, efectuouse sen maiores problemas para tratar de gañar tempo e chegar á popular feira da localidade portuguesa de Viana do Castelo.

No camiño de ida só se fixo unha parada para tomar un café e estirar un pouco as pernas. Preto das doce da mañá chegou-se á capital do alto Miño, Viana do Castelo, situada xunto á desembocadura do río Limia, que é unha das cidades máis bonitas de Portugal.

Nesta cidade os viaxeiros poideron mercar na popular feira que se celebra periodicamente, os produtos típicos da terra e mailos que polo seu precio merece a pena aproveitá-la viaxe, como toallas, sabas, etc. Despois de xantar, fíxose unha visita ó Santuario de Santa Lucía, situado a cinco quilómetros de Viana e a unha altitude de 249 metros sobre o nivel do mar desde onde se divisa a paisaxe máis deslumbrante do alto Miño.

Preto das seis da tarde, iniciouse o camiño de volta, facendo unha pequena parada para face-las últimas compras na localidade de Valença do Miño que está á beira da fronteira e fronte á localidade galega de Tui, estando de volta en Brión as doce da noite.

Séptima Romería Internacional

• Actuación dos nosos grupos artísticos

A Romería Internacional que patrocina a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e nove municipios da nosa Comunidade estivo en Brión, coincidindo coa celebración local da tradicional "Festa da Froita", por séptimo ano consecutivo presentando o seu espectáculo de música e danza tradicionais de varios países que recorren durante quince días do mes de Xullo outras tantas localidades de Galicia.

Esta Romería está a ofrecer ás xentes de municipios tan pequenos como o de Brión, a rara oportunidade de disfrutar, nunha plácida noite, dentro duns marcos naturais de gran beleza, toda a maxia e colorido da escenografía de música e danza, de recoñecido prestixio internacional, a cargo de varios grupos folclóricos de gran calidade artística, máis acostumbrados a actuar en escenarios

urbanos de gran raigame artística, que nos pequenos núcleos rurais galegos.

Este ano o espectáculo da Romería Internacional estivo composto polo ballet da Universidade de Colima, México, a "Hauguefen Dance Troupe" de Xerusalén, Israel, ademais das agrupacións artísticas do noso Concello.

Para esta ocasión, o noso Concello reservou a primeira actuación da Rondalla municipal dirixida polo profesor de instrumentos de puga e corda, Isaac Vázquez Alvite, quen desde o mes de setembro do curso pasado en que foi fundada esta agrupación musical, está a impartir-las súas clases a numerosos nenos deste Concello.

Ademais da Rondalla municipal, actuaron polo noso Concello o grupo de gaitas que dirixe o coñecido intérprete Xosé

Vicente Ferreirós, e o conxunto de baile tradicional que dirixe a compoñente do grupo "Cantigas e Agarimos" María Xosé Santmartín.

Esta directora de baile, ademais do seu labor propiamente artístico, está a realizar un traballo de recopilación de vellas cancións tradicionais da Comarca da Amala, que posteriormente incorpora ó seu repertorio de baile, contribuíndo desta forma á conservación e recuperación do acervo musical da zona.

Esta última edición da Romería Internacional veu a poñer de manifesto, unha vez máis, a calidade crecente na posta a punto da escenografía que se aprecia principalmente na perfecta sincronización entre tódolos equipos encargados do montaxe de tódolos compoñentes escénicos: escenario, decoración, luz e sonido.

Viceso

Importante colaboración veciñal en varias obras



É o verán unha estación moi boa para abrir ou arreglar camiños e foi aquí a tarefa máis importante afrontada polo concello de Brión coa participación de obreiros, e pala excavadora, e colaboración dos veciños. Cabe sulñar aquí o refrán: a unión fai a forza. Isto ven ó caso a que sen a participación conxunta do parroquia, moitas cousas non se

podrían facer, pois os presupostos do concello dan para pouco e os custos son elevados, por iso é de resaltar neste intre a participación da parroquia nestas obras da comunidade, que son de todos e para todos.

A pista que vai á escola de Viceso, con participación desinteresada de persoas e vehículos, cada aldea por separado aporta-

Por fin, saneamento do noso gando

Nunca é tarde, se a fada é boa. Neste caso, a fada non é moi grande, pero algo é algo. Un equipo de veterinarios contratado pola Consellería de Agricultura está realizando no noso Concello a campaña de Saneamento do Gando para detectar posibles focos de brucelose ou tuberculose no gando vacuno.

Era un tema polo que os veciños viñan loitando desde había anos, apoiados polo Concello. No ano 1985 cursáranse á Consellería 385 peticións que afectaban a 2.260 cabezas de gando. Despois dunha chea de escritos, entrevistas, protestas e notas á prensa —do que ALTA-MIRA fora dando conta—, chega a Campaña, que, sen se-la panacea dos gravísimos problemas que padece o sector leiteiro, é unha condición indispensable para ir mellorando a cabana gandeira.

Segundo as nosas noticias, tocante a subvencións oficiais que se poden conseguir para o gando que resulte danado, hai as

seguintes: ademais do que pague o matadeiro pola vaca retirada, a Xunta dá unha cantidade dependendo da valoración que o equipo que realiza o saneamento lle sinala ó animal, que pode andar nas 45.000 pts. (esta subvención xestiónnaa directamente o propio equipo que realiza o saneamento e a Xunta envía por cheque ou transferencia bancaria). Ademais, pódese conseguir a traveso das axencias de Extensión Agraria unha axuda por cada vaca que haxa que cambiar por culpa do saneamento de 26.000 pts. para as vacas que non teñan carta e 32.000 para as que a teñan (neste momento seica están agotadas as cantidades que estaban dedicadas a este fin, pero confían que denantes do fin de ano haxa unha ampliación). En anos pasados, a Xunta concedía tamén outra axuda de 20.000 por vaca, pero xa están suprimidas. Así que, en total, o que se lle pode sacar a unha vaca enferma andará por unhas 130.000 pesetas máis ou menos.

ba un día de traballo, e así rotando tódalas aldeas ata acaba-la tarefa de darlle anchura á pista.

O interés despertado polos veciños pola construción do novo grupo escolar prometido pola Xunta, foi posto de manifesto nesta pista, pois de non facerse este Colexio todo o aportado polo vecindario levaría a non servir para case nada. Así ocorreu coa construción dun campo de fútbol, aínda sen facer parece ser pola construción de dito colexio.

A participación do vecindario tamén se veu reflexada no camiño de Butureira, coa colocación de tubos de paso de auga, pois no inverno esta zona inundábase e non se podía pasar normalmente; coa colocación dos tubos é de esperar que esto non ocorra.

Outra das obras que se fixeron neste verán foi a colocación do cruceiro de Mourentáns na súa nova ubicación: pasouse do antigo centro da aldea ás aforas, na unión das pistas de escola e Ombre-Forxán con Mourentáns. Exemplar este de gran interés, pois é un dos máis fermosos do Concello.

10 Millóns de pesetas de inversión en obras no verán

Primeiramente, fíxose unha pequena campaña de bacheo de pistas para repara-lo máis urxente, que andou polos 2.300.000 pesetas (proximamente comezará outra etapa de 5.000.000). Bacheáronse pistas en Baliño, Rubial, Reboredo Grande e Salme, en Bastavales, e Vioxo de Arriba, Vioxo de Abaixo e Touris, na Luaña.

Na reparación das casetas do campo de fútbol de Brión, para que poideran ser utilizadas polos nenos que acudían á piscina, invertíronse 150.000 pesetas.

Obras de reparacións

Houbo que construír dous muros no ancheamento das pistas de acceso ó grupo escolar de Brión e ó que se proxecta en Viceso, que importaron 450.000 pesetas.

Fíxose a reparación —nalgúns casos houbo que facelos de novo— dos lavadoiros de Vilas, Babenzo, Reboredo Pequeno, Gundín, Chave de Carballo e Rubial, e as fontes públicas de Reboredo Pequeno e Gundín. Costou isto 2.700.000 pesetas.

No grupo escolar de Brión —construción dunha nova aula e revisión do depósito de propano— gastáronse 1.400.000 pesetas.

Comezouse a construción do palco da música de Ons, no que se levan invertidas 150.000 pesetas.

Asfaltouse a pista de Vidalóis para poder amplialo transporte escolar e un pequeno tramo na aldea de Coruxido (1.140.000 pesetas).

Abriuse unha mina en San Salvador coa idea de surtir á aldea de Vidalóis e instalar un bebedeiro en San Salvador e, por derrubamento da galería que surte a fonte vella de Pedrouzos, houbo que facer unha forte inversión na súa reparación. Importaron estas obras 750.000 pesetas.

Aviso de alistamento dos mozos do reemplazo de 1989

Tódolos mozos que residen neste Concello nados durante o ano 1970, deberán pasar polas oficinas municipais antes do 31 de nadal de 1987, co obxecto de suscribi-la correspondente FICHA DE INSCRIPCION, debendo aportar fotocopia de carné de identidade.

Ó mesmo tempo que a inscrición, os que teñan dereito a elo, poderán solicitar as correspondentes prórrogas.

Tamén, caso de alegaren enfermidade ou defecto físico, xustificarán documentalmente esta circunstancia.

NOTICIEIRO

Proxecto para a acometida de auga no Tremo e Alqueidón

Alcalde, de dar conta á corporación municipal destes acordos e máis de xestionar a inclusión no próximo presuposto de 1988 a segunda fase das obras de suministro de augas para o Tremo e Alqueidón.

da traída de augas, evitar, no futuro, estragar as obras de urbanización, que están a punto de comezar e, por outro lado, abaratar os custos da acometida que habría que levar a cabo posteriormente.

O acordo aprobado para o inicio inmediato das obras de acometida da auga do Tremo compromete ós veciños coa aportación da cantidade de cinco millóns douscentas mil pesetas a repartir entre tódolos propietarios.

Entre os puntos máis importantes do acordo suscrito pola Alcaldía e a Comisión de veciños destacan: a designación dunha comisión xestora encargada da contratación e supervisión das obras, así como da recadación das cuotas e a administración dos fondos; o establecemento dun prazo de admisión, que rematou o día catorce de setembro; e o compromiso, por parte da

Unha vez rematadas as obras da primeira e segunda fase, a Comisión xestora fará a cesión gratuita ó Concello desta primeira fase que se fai con cargo ás aportacións directas dos veciños, coas seguintes condicións:

a)- As cuotas aportadas polos participantes nesta primeira fase suplirán as taxas polo dereito de conexión á rede de suministro de auga.

b)- As cantidades que esixa o Concello polo dereito de conexión ós abonados que se incorporen unha vez posto en funcionamento o servizo non serán inferiores á aportación final dos participantes na primeira fase, evitando desta maneira calquera agravio comparativo.

c)- Os mínimos de consumo que fixe a futura ordenanza fiscal que ha de rexer o servizo estableceranse iguais para tódolos abonados, independentemente do emprego que se lle dea á auga.



A iniciativa dos veciños do Tremo e Alqueidón foi decisiva para poñer en marcha un proxecto que pretende dotar axiña de auga potable a esta zona.

Esta xuntanza xurdeu con motivo das obras de urbanización e saneamento da travesía do Tremo que inclúe unha rede de umidoiros e aceiras ó longo do ramo correspondente á estrada antiago-Noia, que se están

levando a cabo pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

A realización simultánea das obras coa instalación dos conductos e demais elementos

Trinta Hectáreas de monte destruídas polos últimos incendios

Non pode faltar, como sucede do verán, falar da tristeza dos incendios que nos sola cada ano, e que destrúe pouco a pouco un dos nosos recursos que ten máis futuro.

Aínda que, como confirma a maioría da xente do noso concello, "xa queda pouco por der", neste verán queimáronse os incendios cerca de trinta hectáreas de monte. Certo que este ano os incendios non segaron á ducia— foron poucos se o comparamos con outros anos, pero a magnitude de algúns deles, que chegaron a poñer en serio perigo as vivendas de algúns veciños, foi moi importante.

Pola extensión de monte queimado, así como pola súa magnitude, destácase o incendio do "Monte de Bemil", Soigrex, Istavaliños e Coruxido que ixou arrasadas máis de oito hectáreas. A continuación, no que a extensión se refire, destaca o incendio do monte do "Raña-



As causas dos incendios forestais dilúense entre as débiles condenas Administrativas, a falta de resposta veciñal, o estado de total abandono do monte, e as sospeitas, máis que fundadas, dunha acción criminal premeditada.

longa" nos lugares de Vilar e Vioxo, na parroquia de Viceso, na que arderon máis de cinco hectáreas; e o do monte de Moldes na parroquia da Luaña,

no que se queimaron máis de catro Hectáreas.

O maior perigo supuxérono, dada a proximidade das

casas dos veciños, os incendios do Monte da Costa e de Brión e o monte de Guldrís e Igrexa, nos que o lume destruíu cerca de seis Hectáreas, chegou as beiras das vivendas e moi preto da igrexa de Brión.

Case tódolos incendios comezaron hacia o final do verán, cando xa parecía superado o maior perigo, o que unha vez máis reforza a teoría de que a maioría dos incendios son provocados.

Compre destacar tamén, o distinto comportamento dos veciños das distintas parroquias do noso Concello á hora de acudir a apagar o lume no monte. Neste aspecto hai que suliña-la resposta masiva da xente das parroquias de arriba: Viceso, Ons, Luaña e Cornanda. De feito, en proporción, na parte de abaixo do Concello, aínda que teñen pouco monte, practicamente está todo queimado, namentras que na parte de arriba, tendo unha extensión moito maior de monte, debido á rápida resposta dos veciños que acuden rapidamente a apagar o lume, cada vez que se dá o aviso levando as cisternas dos tractores, consérvase sen arder a maior parte do monte.

Persoaxes no Pazo de "GOLDRIS"



Dos máis de cincocentos anos de historia do Pazo dos Goldris quedan unhas pedras disfrazadas de casa aldeán. Sen embargo, elas acollen entre os seus muros ilustres persoaxes que se cobadearon con reis e os nobres máis influíntes de cada época. Dos seus familiares aboengos saíron destacados guerreiros, diplomáticos e arcebispos.

N unha suave elevación sobre a campiña brionesa, testigo secular do seu vivir prácido e vagoroso, o Pazo señorial de Goldris pertenceu a unha das máis ilustres familias galegas.

Don Ruy Sánchez de Moscoso, Señor de Altamira, fixo testamento no seu pazo de Goldris, parroquia de San Félix de Brión, o 31 de xulio de 1450. Data, que sinala o alborecer dunha xeira, rica en acontecementos, da historia de Galicia.

Institúe herdeiro ó seu fillo D. Rodrigo de Moscoso —"caballero mucho esforzado e valiente" na crónica do Rei Xoán II de Castela— ó cal e á súa dona, Doña Maior de Sotomaíor nomea testamentarios. Testemuñas: Bernal Diáns; Pedro de Sotomaíor e o seu médico *mestre* Paulo. (Escrituras do Convento de Santa Clara de Santiago).

De Ruy Sánchez de Moscoso dános Vasco da Ponte este puntual perfil: "Este Ruy Sánchez era muy bravo y muy arriscado; pocos eran los meses en que no se viese en afrenta, porque juntamente tenía guerra con el Arzobispo de Santiago, y con la casa de Suevos, y con la casa de Mesía, y con la casa de Montaos, y nunca oí de mala

ventura que le diese". Empoleirado á cúspide da aristocracia santiaguesa desde 1441, en que ostenta a *Pertigueira*, dominaba na *Terra de Santiago*.

Dos seus familiares aboengos, suliñamos a dous arcebispos composteláns do século XIV: Don Alonso de Moscoso —m. 1367, sepulcro gótico na capela do Espírito Santo da Catedral— D. Rodrigo de Moscoso, que vive duras loitas co poderoso Conde de Trastámara e proxecta a cúpula basilical, construída no s. XV. Contemporáneos de Ruy Sánchez: un familiar homónimo, coengo de Santiago, fundador do

Hospital de San Miguel e da primeira Biblioteca pública do Reino na Rúa do Camiño (Casas Reales, Santiago). Bernal Eans do Campo, seu tío materno, a quen herda: a casa grande na actual Praza de Cervantes (Santiago) —Pazo dos Condes de Altamira derrubado no 1889— e un amplo señorío na *Terra da Amaia*, que fora dos Mariño de Lobeira deica 1388.

O vástago máis célebre sería seu neto Bernal Yáñez de Moscoso. Fai abandonar Santiago —primavera de 1461— ó Trastámara Pedro Alvarez Osorio; aprisoa nun golpe de audacia ó segundo Fonseca no Tapal de Noia "y prendiólo por la barba y llevóle a Vimianzo", di Da Ponte. Finouse en agosto de 1466, alcanzado por un balistazo na Praza das Praterías.

Don Lope Sánchez de Moscoso, fillo de D.^a Inés de Moscoso y Castro, e de Vasco López de Ulloa, acadaría o soño tan acariñado: se-lo primeiro Conde de Altamira. Sonado triunfo contra Fonseca na batalla de Altamira —1471— ben arroupado polos próceres galegos, magoados da velocidade "irmandiña" do Arcebispo.


O nome do pequeniño pobo brionés de Altamira chegaría a vencellarse ó da Casa Real.

Século XIX. No Pazo de Goldris os señores de Becerra, descendentes das casas de Navia e Trastámara.

Don Xosé Becerra Armesto, político e xornalista, autor dun relato cabaleiresco LA CASA DE ALTAMIRA.

Don Benigno Becerra Armesto. Escritor, publicou VOTOS AL HIJO DEL TRUENO, tradición histórica santiaguesa do século XVI.

Benito Salvado Martínez



ASESORIA LABORAL Y FISCAL

FEYCA

Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109
BERTAMIRANS - AMES

Academia "SAR"
(CENTRO OFICIAL DE ENSINO)

Mecanografía e Prácticas de Oficina
(Con expedición de Diploma autorizado)
INFORMATICA: Prepáranse Oposi-
cións para acceso á Función Pública
INGLES: Recuperacións Escolares:
E.X.B. - B.U.P. e C.O.U.

Avda. da Mahía, 134 - Telf. 88 39 25
BERTAMIRANS

MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez
Mourentáns - Viceso (Brión)
Teléfono 89 99 51

Fanse presupostos sen compromiso

Miele

ordeño

COMAGRO

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION
Teléfono 88 32 50

PASATEMPOS

HORIZONTALAIS

- 1.— Enfermidade contaxiosa con erupcións cutáneas de color bermella.
- 2.— Arbore ripícola da que se saca a madeira para face-los zocos.
- 3.— Dar volta voando por encima de algunha cousa.
- 4.— Sustancia alucinóxena ou narcótica. - O nove en números románs - O cen en números románs.
- 5.— Laio - Pelo da ovella - Símbolo químico do cinc - Río galego que desemboca nunha ría alta.
- 6.— Arbusto de color branqueciña e de madeira moi dura - Arremeter cos cornos.
- 7.— Contracción da preposición e artigos - Tosto - Localidade costeira pontevedresa.
- 8.— Depósito de armas ou municións - cincuenta en números románs.

	1	2	3	4	5	6	7	8
1								
2								
3								
4				G				
5				A				
6				R				
7				S				
8				E				

- 4.— Tempo que tarda a Terra no seu movemente de traslación - Garse.
- 5.— Pronome persoal de primeira persoa - (Ó revés) Gromo que sae dun tronco de arbore cortado.
- 6.— Roga ou solicita algo a alguén.
- 7.— Tolo - (Ó revés) Corda ou soga trenzada de esparto.

SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES PASATEMPOS

No Hemisferio Norte, a auga do lavabo ó saír polo desague forma un remuíño que se move no sentido das agullas do reló. Pola contra, no Hemisferio Sur, este movemento do remuíño da auga é ó revés. Esta peculiaridade foi a que observou o científico ó ir lava-las mans.

- 8.— Pronome persoal que se emprega precedido sempre dunha preposición - Lista de mariñeiros.

PARA CAVILAR

Luis sae do Colexio de Brión con un montón de cromos de xogadores de fútbol e cando volve á casa chega sen ningún. Súa nai preguntalle que fixo con eles e o neno contesta:

—A cada amigo que atopei deille a metade dos cromos que tiña máis un.

—¿E cantos amigos atopaches? — pregunta interesada a nai.

—A seis —contéstalle Luis.

¿Cantos cromos tiña Luis ó saír do Colexio?

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	P	A	L	A	F	I	T	A
2	A	L	E	L	V	I	A	S
3	L	E	T	E	R	A	E	D
4	E	X	R	I	T	O	A	L
5	S	O	R	V	I	T	O	U
6	T	R	E	O	V	E	L	A
7	R	I	S	O	D	A	S	
8	A	R	O	C	E	O	R	D

OSTEOLIRAECO
TOECANILLOIAR
DERNOLLUGOIG
PNJFTIABRAO
ATNECENINGCA
NEOTALTASAV
IRTEMEANIRL
CIPRUMRIDLIA
SOLINA IATNS
SLLAVATON
ERENUNOLARA
COLETRNTIZAS



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION

PIÑEIRO

ARMADURAS METALICAS
CERRAJERIA ARTISTICA

Fernando Piñeiro Dopazo
Distribuidor de automatismos
CAME

TELEFONO 88 30 61

BERTAMIRANS-AMES



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA



PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brión
Tel. 88 31 55



ASOCIACION CIVIL
AMIGOS DE SANTIAGO

Restaurante "O' FUMEIRO"

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

PINTURA * DECORACION

SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS
PAPELES - MURALES
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo
Teléfonos 563713-594449-884012

SANTIAGO



Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL

SEAT



Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

Mesón - Parrillada A' Roda

Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**LA VASCO
NAVARRA**

SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARTE EN PEDRA



CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS

Tfno. 811704

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,
Traídas de Auga, etc.

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N
Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA